

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, regula a provisión de postos de xefatura e coordinación do persoal licenciado sanitario, entre outros. Sinala a opción correcta:

- A) O proceso de selección basearase exclusivamente na avaliación do currículo profesional.
- B) O proceso de selección basearase exclusivamente na avaliación dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.
- C) Todos os procesos de selección basearanse na avaliación do currículo profesional e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.
- D) Excepto nos supostos de provisión por libre designación, a idoneidade dos aspirantes será valorada por unha comisión técnica especializada.

2. As medidas que adoptarán os servizos públicos de saúde para a protección e asistencia fronte á violencia de xénero, establecidas pola Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero son (sinala a opción correcta):

- A) Dereito á atención sanitaria e ao seguimento da evolución do seu estado de saúde. Asistencia psicolóxica gratuíta só na atención inicial.
- B) A única medida será establecer un protocolo que prevexa pautas uniformes de actuación sanitaria.
- C) Dereito á atención sanitaria. Atención psicolóxica. Elaboración dun protocolo de actuación sanitaria. Implantar un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero nos servizos sanitarios.
- D) Dereito á atención sanitaria. Cada centro sanitario elaborará un protocolo de actuación sanitaria, pero non se levará rexistro dos casos de violencia de xénero, como medida de protección dos datos persoais.

3. Seleccione o contido do artigo 18.1 da Constitución Española:

- A) O dereito ao traballo.
- B) O dereito a unha vivenda digna.
- C) O dereito á intimidade persoal e familiar.
- D) O dereito á negociación colectiva laboral.

4. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, os cidadáns teñen unha serie de obrigacións coas institucións e organismos do sistema sanitario. Das seguintes, sinala cal é unha destas obrigas:

- A) Coidar as instalacións e colaborar economicamente no mantemento estrutural das mesmas.
- B) Participar, a través das institucións veciñais, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta Lei.
- C) Utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións, no prazo máximo de unha semana dende a atención sanitaria.
- D) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.

5. Segundo o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, gozan da condición política de galegos:

- A) Os cidadáns extranxeiros que tivesen a última vecindade administrativa en Galicia.
- B) Os cidadáns que, de acordo coas leis autonómicas, teñan veciñanza xudicial en calquera dos municipios de Galicia.
- C) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- D) Os cidadáns extranxeiros que teñan veciñanza xudicial en calquera dos municipios de Galicia.

6. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, dispón que, para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, creouse o Servizo Galego de Saúde pola Lei 1/1989. Respecto ao mesmo, a Lei de Saúde de Galicia establece que (indique a opción correcta):

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) Integran o Servizo Galego de Saúde exclusivamente os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos procedentes de transferencias.
- C) O Servizo Galego de Saúde ten como función o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios e dos privados concertados.
- D) O Servizo Galego de Saúde ten como función a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación dos programas sanitarios do Sistema Nacional de Saúde.

7. O artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, dispón que son principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A universalidade do dereito aos servizos e ás prestacións de cobertura pública.
- B) A adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades de saúde da poboación.
- C) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- D) Todas son correctas.

8. Sinala a opción correcta. O persoal estatutario dos servizos de saúde ostenta o seguinte dereito, segundo o disposto no seu Estatuto Marco (Lei 55/2003, do 16 de decembro):

- A) Á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional, na forma en que prevexan as disposicións en cada caso aplicables.
- B) Á estabilidade no emprego e ao exercicio ou desempeño efectivo da profesión ou funcións que correspondan ao seu nomeamento, así como calquera outra función asignada polo centro segundo as necesidades do servizo.
- C) Ao descanso necesario mediante as vacacións periódicas retribuídas e permisos nos termos que se establezan, sempre sen limitación da xornada laboral.
- D) Informar debidamente, de acordo coas normas e procedementos aplicables en cada caso aos usuarios e pacientes sobre o seu proceso asistencial.

9. De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os interesados aos que se lles soliciten datos persoais deberán ser previamente informados:

- A) Do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan expostas.
- B) Da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal.
- C) Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, no seu caso, do seu representante.
- D) Todas son correctas.

10. En relación co persoal estatutario regulado no Estatuto Marco, indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) As faltas moi graves prescribirán ao cinco anos, as graves aos tres anos e as leves aos seis meses.
- B) O seu sistema retributivo estrutúrase en retribucións básicas e complementarias. Ademais, percibirá participación nos ingresos normativamente atribuídos aos servizos de saúde como contraprestación de calquera servizo.
- C) O persoal facultativo especialista de área clasifícase dentro do persoal sanitario con formación universitaria e título de especialista en ciencias da saúde.
- D) Poderá concederse a excedencia voluntaria por interese particular a quen estea sometido a un expediente disciplinario.

Preguntas de reserva

1. **Sinale a opción CORRECTA. A Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, dispón que:**

- A) Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) A asistencia sanitaria pública estenderase a todos os españois e a todos os estranxeiros, gratuitamente.
- C) A asistencia sanitaria pública en Galicia estenderase a toda a poboación española, dándolle prioridade no acceso ás prestacións sanitarias aos galegos.
- D) Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, soamente os españois. Todos os estranxeiros terán garantido tal dereito, soamente, segundo os convenios internacionais.

2. **Sinale a opción correcta. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece que os concellos, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán en relación co obrigado cumprimento das normas e dos plans sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias:**

- A) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde do respectivo concello.
- B) O control sanitario dos cemiterios e a policía sanitaria mortuoria.
- C) A vixilancia e o control da publicidade susceptible de repercutir positiva ou negativamente sobre a saúde das persoas.
- D) A autorización para a creación, a modificación, o traslado e a supresión ou pechamento de centros, servizos e establecementos sanitarios. O seu rexistro e catalogación.